

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Anuncio revogación base terceira b) das bases específicas para a cobertura, en propiedade, de dúas prazas de policía local, suspensión data exame e acordo para publicar nova convocatoria

Anuncio

O día 31/07/2013 aprobáronse as bases específicas da convocatoria, para a provisión, en propiedade, de dúas prazas de Policía Local, bases publicadas na súa totalidade no BOP da Coruña número 154 de data 14/08/2013.

Avanzados todos os trámites do citado procedemento selectivo e publicada no BOP da Coruña número 32, de data 18/02/2015, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, así como a composición do Tribunal Cualificador e a data de celebración da primeira proba, ponse en coñecemento desta Administración unha Sentenza ditada polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea de data 13/11/2014 na que se declara contrario á Directiva 2000/78/CE do Consello, o límite de idade establecido polas lexislacións autonómicas para o acceso ás probas selectivas para prazas de Policía Local.

Por ese motivo con data 25/02/2015 o concelleiro de Economía, Facenda e Recursos Humanos mediante delegación conferida pola Alcaldía-Presidencia con data 30/04/2013 (BOP 16/05/2013) adoptou unha resolución por medio da cal se revoga parcialmente a resolución de data 31/07/2013 de aprobación das bases citadas, deixando sen efecto o inciso final da base específica terceira, letra b) que quedará coa seguinte redacción: “b) Superar os 18 anos de idade.”

Asímesmo se acorda conservar todos os actos e trámites realizados no expediente administrativo con posterioridade á publicación da convocatoria no BOE de data 18/3/2014, por canto o seu contido se tivera mantido igual de non terse cometido a infracción, con expresa referencia á conservación do acordo do concelleiro da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 04/02/2015 (BOP 18/02/2015) respecto da aprobación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e fixación da composición do Tribunal Cualificador, deixando en suspenso a data fixada para a realización da primeira proba.

Ademais se acorda proceder á publicación de nova convocatoria coas mesmas bases específicas que as xa publicadas, suprimindo o inciso final da base específica terceira, letra b), deixándoa coa seguinte redacción: “b) Superar os 18 anos de idade”, dando un novo prazo de presentación de instancias para todas aquelas persoas que en data 07/04/2014 cumpriran todos os requisitos esixidos pola convocatoria excepto o do límite máximo de idade que agora se revoga.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 26 de febreiro de 2015

O alcalde

José Manuel Rey Varela

2015/2284